

ORDENANZA DE PREZO PUBLICO Nº 6

ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DAS PISTAS DE PÁDEL MUNICIPAIS E DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS.

Aprobación: 27/07/17 - B.O.P.: 14/11/17

LIMIAR:

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO.

A presente ordenanza, con base no artigo 84.1.a) da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, así como no artigo 127 en relación co 41 e seguintes do *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, polo que se aproba o *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*, establece as condicións xerais de uso e o prezo público pola utilización das pistas de pádel municipais.

ARTIGO 2.- OBXECTO.

É obxecto da presente ordenanza:

- a. Establecer as normas xerais do uso das pistas de pádel municipais.
- b. Establecer o prezo público a satisfacer pola utilización das devanditas instalacións.

ARTIGO 3.- COMPETENCIA.

Facúltase á alcaldía para:

- a. Esixir responsabilidades e indemnizacións por danos e prexuízos ocasionados nas instalacións, así como impoñer sancións aos usuarios polo incumprimento do establecido nesta ordenanza.
- b. Alterar, por necesidades do servizo público, de interese xeral ou de forza maior, a orde de preferencia na utilización do servizo e os horarios de apertura e peche.

TÍTULO PRIMEIRO.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO.

ARTIGO 4.- USUARIOS.

Para a utilización das pistas de pádel deberase ir provisto da equipación e calzado deportivo adecuado. Tanto as raquetas como as pelotas utilizadas deberán ser as do deporte de pádel.

O Concello do Porriño declina toda responsabilidade das lesións que se puidesen orixinar derivadas da práctica deportiva. Os participantes, no momento de facer a reserva, manifestan estar fisicamente aptos para realizar a actividade físico-deportiva.

ARTIGO 5.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS.

5.1.- RESERVA DE PISTA.

As quendas de reserva das pistas serán de polo menos unha hora e máximo de hora e media, sendo necesaria a presenza en pista de polo menos dous/dúas xogadores/as.

O usuario deberá recoller no punto de control (Centro Polideportivo Municipal do Concello do Porriño) as chaves da pista. Unha vez rematado o tempo de xogo, os usuarios deberán abandonar as pistas e recoller todas as súas pertenzas, pechando as portas de acceso e devolvendo a chave ao punto de control no que as recolleron, inmediatamente despois do seu uso.

Existirá un rexistro no punto de control onde se xestionarán as reservas; nel escribirase o nome e apelido do/a usuario/a e DNI.

Transcorridos trinta minutos dende o inicio da hora reservada e, de non mediar comunicación ningunha por parte do titular da reserva, poderase dispoñer da pista para os usuarios que así o soliciten. Neste caso, non procede o reintegro do importe abonado.

A reserva de pista deberase realizar nun prazo máximo de dous días antes do seu uso. Abonarase o alugueiro no momento de realizar a reserva sen posibilidade de reembolso salvo causa maior.

Os/as nenos/as menores de 12 anos deberán usar as pistas acompañados/as dun adulto.

5.2.- CONSERVACIÓN DAS PISTAS.

Antes de entrar nas pistas os xogadores deberán eliminar os restos de terra ou barro que puidesen levar nas zapatillas. Igualmente, ao saír da pista deberán recoller os utensilios ou botellas utilizados.

Se o usuario se dese conta dalgunha anomalía ou dano na instalación deberá comunicalo ao punto de control.

5.3.- CLIMATOLOXÍA.

Se por razóns climatolóxicas a pista non estivese en estado de uso, modificarase a reserva para outra data nos seguintes dous meses posteriores ao da data de xogo.

5.4.- HORARIO.

Os horarios de apertura e peche das pistas de pádel municipais serán os seguintes:

- De luns a venres: de 09.00 horas a 13.30 horas e de 16.00 horas a 22.00 horas.
- Sábado: de 10.00 horas a 13.00 horas e de 17.00 horas a 20.00 horas.
- Domingos e festivos: de 10.00 horas a 13.00 horas.

Este horario poderá ser modificado por necesidades do servizo.

ARTIGO 6.- DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES (TORNEOS, COMPETICIÓNS, CURSOS, ETC).

O concello do Porriño poderá desenvolver actividades de pádel, tales como torneos, competicións, etc, programadas pola *Concellería de deportes* ou entidades deportivas, polo que o sistema de reservas quedaría anulado ou modificado ata o remate dos devanditos actos.

TÍTULO SEGUNDO.- PREZO PÚBLICO.

ARTIGO 7.- NATUREZA.

O recurso que se establece e fixa na presente ordenanza ten a natureza de prezo público, por non concorrer ningunha das circunstancias do artigo 20.1.B) do *R.D. Lexislativo 2/2004*, de 5 de marzo, tendo en conta que os servizos prestados polas instalacións das pistas de pádel son de solicitude e recepción voluntaria e susceptibles de ser prestados polo sector privado.

ARTIGO 8.- OBRIGADOS AO PAGO.

Están obrigadas ao pago do prezo público as persoas físicas que utilicen as instalacións das pistas de pádel municipais.

ARTIGO 9.- CONTÍA.

O prezo da pista será de 6 €/hora. O uso de luz artificial incrementará o prezo en 0,25 € cada media hora.

Polo que as tarifas-tipo serán as seguintes:

1 hora/sen luz	6 euros
1 hora con luz artificial	6,50 euros
1 hora ½ sen luz	9 euros
1 hora ½ con luz artificial	9,75 euros

Para os casos de utilización parcial de luz artificial, aplicarase o disposto no parágrafo primeiro.

ARTIGO 10.- OBRIGA DE PAGO.

A obriga de pago do prezo público nace dende o momento no que se solicita a prestación do servizo.

O pago do prezo público realizarase en réxime de autoliquidación con anterioridade ao acceso ás instalacións.

As débedas por este prezo público poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

TÍTULO TERCEIRO.- RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 11.- INFRACCIÓN.

1.- Terán a consideración de infraccións o incumprimento das normas establecidas na presente ordenanza, de conformidade co establecido no título XI da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, tipificándose como moi graves, graves e leves.

2.- Son infraccións moi graves:

- O acceso ilegal ás instalacións.
- A perturbación relevante que afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao normal desenvolvemento das actividades deportivas, sempre que a conduta non

sexa subsumible nos tipos previstos no capítulo IV da *Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá*.

- O impedimento do uso das instalacións aos demais usuarios.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo.
- O deterioro grave das instalacións.

3.- Son infraccións graves as que supoñan danos nas instalacións, distintos aos enumerados no apartado anterior.

4.- Son infraccións leves calquera outro incumprimento das disposicións da presente ordenanza que non sexa cualificado como grave ou moi grave.

ARTIGO 12.- SANCIÓN.

- As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.501,00 a 3.000,00 euros.
- As infraccións graves serán sancionadas con multa de 751,00 ata 1.500,00 euros.
- As infraccións leves serán sancionadas con multa de 30,00 ata 750,00 euros.

Xunto coas anteriores sancións pecuniarias poderase impoñer, ademais e como sanción, a prohibición de uso das instalacións por tempo de ata tres meses para infraccións leves e ata seis meses para infraccións graves. Para infraccións moi graves poderá impoñerse a sanción de imposibilidade definitiva do uso das pistas de pádel.

ARTIGO 13.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

Para a imposición de sancións pola comisión de infraccións descritas, tramitarase o correspondente expediente sancionador, de conformidade coas disposicións contidas na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

ARTIGO 14.- INDEMNIZACIÓN POR DANOS E PREXUÍZOS.

A imposición de sancións que proceda será independente e compatible coa esixencia polo concello da responsabilidade que corresponda aos usuarios polos danos e prexuizos causados nas instalacións.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR.

A presente ordenanza, logo da súa aprobación inicial por acordo plenario, entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da provincia, e transcorrido o prazo disposto nos artigos 65.2 e 70.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*.